

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL  
CANGAS****Outros documentos, notificacións e informacións públicas****REGULAMENTO CONSELLO MUNICIPAL DA SAÚDE****A N U N C I O****APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO  
DO CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE DE CANGAS**

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión de data do 1 de abril de 2016 o Regulamento do Consello Municipal de Saúde de Cangas, e sometido ao trámite de exposición pública mediante anuncio publicado no BOP nº 69, de data do 12 de abril de 2016, non formulándose reclamacións ó mesmo, elévase a definitivo o acordo de aprobación inicial e publícase o texto íntegro do Regulamento para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local:

**REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE DE CANGAS***Capítulo I.—Obxecto, ámbito de aplicación e fins*

*Artigo 1.*—Obxecto do presente regulamento é a constitución do Consello Municipal de Saúde de Cangas (CMSC) como un órgano municipal colexiado e complementario de participación e comunicación entre o movemento asociativo e o Concello para realizar funcións de asesoramento, estudo e proposta en materia de saúde pública.

*Artigo 2.*—O Consello Municipal de Saúde configúrase como un órgano de natureza consultiva adscrito á Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade.

*Artigo 3.*—O ámbito de actuación do Consello Municipal de Saúde é o termo municipal de Cangas. Este Consello poderá colaborar con outros Consellos análogos ou municipios.

*Artigo 4.—Funcións*

1.—O Consello Municipal de Saúde terá encomendadas as seguintes funcións:

- a) Estudo da situación sanitaria no ámbito municipal



b) Proposta de elaboración de proxectos e programas municipais en materias relacionadas coa saúde

c) Colaboración na detección de necesidades e problemas de saúde no ámbito municipal coas administracións competentes.

d) Participar cos centros de saúde na xestión dos problemas de educación e promoción sanitaria.

e) Analizar e propoñer iniciativas que se consideren prioritarias en materia de saúde e sanidade .

f) Informar de tódalas actuacións que en materia da súa competencia lle sexan solicitadas polo Concello de Cangas

g) Colaborar nas distintas campañas de información, divulgación e educación para a saúde así como a realización de xornadas, conferencias e seminarios que se realicen no Concello de Cangas.

h) Potenciar a creación e consolidación de asociacións relacionadas co estudo e a promoción da saúde no Concello de Cangas.

i) Colaborar na coordinación das distintas institucións con competencias na Área de Saúde do Concello de Cangas.

j) Informar na solicitude de subvencións e outras axudas da administración central, autonómica ou de particulares ou fundacións dereito público.

k) Colaborar coa Concellería correspondente na elaboración de propostas e na programación de actividades de educación para a saúde dentro das competencias dos concellos.

l) Recoller a canalizar tódalas iniciativas cidadáns que se presenten por escrito no Rexistro Xeral do Concello de Cangas.

m) Elaborar informes non vinculantes con respecto a partida orzamentaria destinada a sanidade.

n) Coñecer a proposta anual sobre as actuacións levadas a cabo en materia sanitaria do municipio.

2.—Dentro das súas competencias o Consello Municipal de Saúde está facultado para realizar tódolos actos que se encamiñen o cumprimento das funcións sinaladas neste Regulamento.



*Capítulo II.—Estrutura e funcionamento*  
*Sección 1ª. Estrutura*

*Artigo 5.—*O Consello Municipal de Saúde estrutúrase nos seguintes órganos:

- Presidente/a.
- Vicepresidente/a
- Secretario/a.
- Xunta Permanente
- Pleno
- Comisións de traballo.

*Artigo 6.—Presidente*

1.—O Consello Municipal de Saúde será presidido polo/a alcalde/sa ou membro da Corporación Municipal en quen delegue.

2.—Serán funcións da Presidencia:

- Representar ó Concello no Consello Municipal de Saúde.
- Ostentala máxima representación do Consello.
- Presidir o Consello Municipal de Saúde sen prexuízo das facultades do alcalde e do Pleno do Concello.
- Tomar decisións en ámbito da súa competencia no caso de urxencia, sendo estas expostas á asemblea xeral para a súa ratificación no prazo máximo de trinta días.
- Elevarlles ós órganos municipais competentes os acordos adoptados pola asemblea xeral, así como toda a información canalizada a través do Consello Municipal de Saúde.
- Coordinación das comisións de traballo.
- Canaliza-los traballos e achegas das diferentes comisións para o Pleno .
- Convoca-las sesións plenarias .
- Prepara-la orde do día das sesións plenarias.
- Levar a cabo todo o necesario para o cumprimento dos acordos do pleno.
- Elaborar anualmente o borrador de programación xeral do Consello de Saúde para a súa aprobación polo pleno do consello.

*Artigo 7.—Vicepresidente/a*

O/A Vicepresidente/a será o/a Concelleiro/a da área de Sanidade e asumirá as atribucións do/a Presidente/a en caso de ausencia, vacante ou doenza. Así mesmo, presidirá a Xunta Permanente.



*Artigo 8.—Secretario/a*

1.—Exercerá a Secretaría o/a Secretario/a Xeral do Concello, quen poderá delegar en persoal municipal. O/a Secretario/a actuará con voz, pero sen voto.

2.—Correspóndenlle ó/a secretario/a as seguintes funcións:

- Efectuar a convocatoria das sesións do Consello Municipal de Saude, por orde da Presidencia ou Vicepresidencia, no seu caso, así como as notificacións aos membros do mesmo.
- Elaboración de informes xurídicos das cuestións que se consideren necesarias e que estean comprendidas nas competencias do consello.
- Elaborar as actas das sesións do Consello Municipal e remitirlas ós membros deste.
- Expedir certificacións dos acordos que se adopten.
- Calquera función inherente ó seu cargo que lle sexa encomendada.

*Artigo 9.—Xunta Permanente*

A Xunta Permanente do CMSC estará formada por:

- O/A Vicepresidente/a que actuará como Presidente desta xunta.
- Os/as coordinadores/as das comisións de traballo
- O/A Secretario/a.

As funcións da Comisión Permanente do CMSC serán:

- a) Prepara-la orde do día das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno.
- b) Prepara-los temas, informes e propostas para seren debatidos polo pleno.
- c) Xestiona-los asuntos e acordos que lle encomende o Pleno.
- d) Coordina-lo labor das Comisións de Traballo.
- e) Elabora-la memoria anual de actuación .
- f) Elabora-lo informe anual sobre a situación da sanidade no municipio.

*Artigo 10.—Pleno*

1.—O Pleno é o máximo órgano e de representación de goberno, estará formada polos seguintes membros:

- O/A alcalde/sa do Concello de Cangas.



- O/A concelleiro/a de Sanidade.
- Os/Asconcelleiros/as de Medio Ambiente, Ensino e Servizos Sociais
- Un/unha representante de cada partido político con representación no Pleno municipal, agás o grupo de goberno.
- Un/unha representante da Fundación Cangas Deporte.
- Un/unha representante dos Centros de Atención Primaria do Concello Cangas.
- Unha /Un/unha representante do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas
- Unha/Un/unha representante da Unidade de conductas aditivas do Concello de Cangas.
- Cinco representantes polas Asociacións de Veciños inscritas no rexistro de Asociacións do Concello, elixidos entre as mesmas, e garantindo o nomeamento dun/dunha representante por cada unha das parroquias de Cangas.
- Dous/dúas s polas Asociacións ou Organizacións, Culturais ,Deportivas ,Xuvenís, Consumidores, Amas de Casa e Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as, inscritas no rexistro de Asociacións do Concello, elixidos entre as mesmas.
- Un/unha representante de cada unha das Asociacións de promoción da saúde e/ou de protección das diferentes enfermidades do Concello de Cangas, así como outras asociacións e colectivos sociosanitarios, que deberán estar debidamente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. Así mesmo, tamén estarían incluídas aquelas Asociacións que teñan un carácter supramunicipal e que desenvolvan a súa actividade en Cangas.
- Un/unha representante do Servizo de Control de Riscos Alimentarios
- Un/unha representante de cada unha das tres organizacións sindicais con maior representatividade no ámbito de actuación do consello.
- O/A Secretario/a do consello municipal de Saúde

#### *Artigo 11.—Funcionamento do Pleno*

- 1.—O Pleno reunirase con carácter ordinario polo menos unha vez cada semestre.
- 2.—Reunirase con carácter extraordinario cando as circunstancias o requiran, por convocatoria da Presidencia a iniciativa propia ou por pedimento dun terzo dos membros do Pleno.
- 3.—Para a válida constitución do Pleno será necesaria a asistencia de polo menos un terzo dos seus membros, así como do/da Presidente/a e do/a Secretario/a.
- 4.—A convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno do CMSC realizarase cunha antelación mínima de 72 horas, acompañada da orde do día.



A ordedo día do pleno fixarao o/a presidente/a, detallando os asuntos para tratar e as propostas das comisións de traballo que se lle unirán á convocatoria e remitiránelles a tódolos membros do Consello Municipal de Saúde.

5.—De cada Pleno redactarase acta, que será aprobada na seguinte sesión, quedando en poder do presidente/a e a disposición de tódolos membros do consello, ós que lles enviará posteriormente unha copia.

6.—Os acordos adoptaranse por maioría simple; no caso de empate considerarase o voto de calidade do/a presidente/a.

7.—A baixa voluntaria ou a non asistencia continuada dun membro do Pleno, obrigará ó sector elector a substituílo. Para tal efecto, cada sector preverá a elección de substitutos.

8.—Ás sesións de Pleno e das comisións de traballo poderán asistir, con voz pero sen voto, aqueles técnicos ou profesionais que polo seu labor ou experiencia se considere oportuna a súa participación, trala invitación do Consello Municipal de Saúde.

#### *Artigo 12.—Comisións de traballo*

1.—No seo do Consello Municipal poderán crearse, por acordo do Pleno do Consello Municipal de Saúde, diferentes comisións de traballo, en función das prioridades que se establezan.

2.—As comisións de traballo teñen como función a de analizar e informar sobre os asuntos remitidos para o seu estudo polo pleno.

3.—Poden participar nas comisións de traballo tódolos membros das entidades legalmente constituídas e/ou persoas que pola súa profesión ou vinculación á sanidade, poden contribuir ós obxectivos da comisión.

4.—Formará parte das comisións de traballo, ademais dos membros que se propoñan no propio pleno, un vogal compoñente do pleno do Consello Municipal de Saúde, elixido por maioría simple desta que actuará como coordinador, asumindo as funcións de dirección, impulso e coordinación das actividades e reunións das comisións de traballo.

5.—O Pleno ratificará ou censurará as propostas presentadas polas comisións de traballo.

#### *Artigo 13.—Sistema electoral a seguir para o nomeamento dos membros do CMSC*

1.—A Xunta de Goberno Local aprobará, a proposta do/a Concelleiro/a de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade a convocatoria de eleccións para prove-los representantes dos diferentes colectivos no CMSC.



2.—Esta convocatoria estendérase ós sectores da sociedade civil representados no CMSC que se establecen nos seus Estatutos.

3.—Os diferentes colectivos representados no CMSC arbitrarán as medidas que consideren convenientes para proceder á elección/designación dos seus representantes no CMSC, notificando a súa resolución no prazo establecido na convocatoria de eleccións para o CMSC.

4.—O mandato dos membros do CMSC será polo período de catro anos coincidentes con cada legislatura. Ós efectos de regularizar esta coincidencia, o mandato do primeiro CMSC que se constituía ó abeiro destes Estatutos durará ata a celebración das vindeiras eleccións municipais.

5.—O cesamento dos membros dos CMSC, poderá producirse por vontade propia ou pola censura do colectivo que o elixiu.

#### *Artigo 14.—Extinción dos nomeamentos*

Os nomeamentos poderán extinguirse por:

- 1.—Revogación por parte da entidade á que representa
- 2.—Renuncia expresa da persoa interesada
- 3.—Disolución da entidade asociativa. As persoas representantes cesarán automaticamente como membros do Consello.
- 4.—Ausencias inxustificadas a tres ou máis sesións ordinarias consecutivas.

Nos casos de revogación, renuncia ou disolución, deberase comunicar a mesma á Presidencia, mediante escrito presentado no Rexistro do Concello.

#### *Disposición adicional*

Primeira.—A constitución da Pleno do Consello Municipal de Saúde farase no prazo de dous meses desde a publicación deste Regulamento no BOP.

#### *Disposición final*

O presente Regulamento unha vez aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, entrará en vigor unha vez se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de 15 días hábiles a partir da súa publicación”.

Cangas, 24 de maio de 2016.—O Alcalde, Xosé Manuel Pazos Varela.

